

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión universitaria e estudantes de 12 de febreiro de 2026.

Visto o acordo do 12 de febreiro de 2026 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida na Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias (aprobado no consello de goberno do 28 de outubro de 2025), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas con carácter docente, (Anexo).

De acordo co artigo 4 da normativa citada: “O estudantado da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos de carácter xeral pola súa participación en actividades universitarias ata un máximo equivalente ao 10 % do total de créditos do plan de estudos da titulación que estea a cursar”.

“O mínimo de créditos recoñecibles polo conxunto destas actividades será de 6 ECTS, sen prexuízo dos límites máximos establecidos nos puntos anteriores”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



ANEXO

- Actividades académicas con carácter docente

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos recoñecidos	Datas realización
A conciliación familiar e laboral das mulleres dende o dereito tributario	720231	Departamento de Dereito público especial	Carmen Ruíz Hidalgo	5,5	0,2	28/09/2026
Xustiza con perspectiva de xénero e o dereito coma rede contra a violencia de xénero	720232	Instituto Universitario de investigación "xustiza e xénero" (IXEX)	Inés Celia Iglesias Canle	8	0,3	28/10/2026
VII Falemos de Ciencia en igualdade	720047	Centro de investigación en Nanomateriales y Biomedicina (CINBIO)	Noel Rodríguez Queipo	5,5	0,2	02/10/2026
Proxectos sen sesgos: perspectiva de xénero na investigación en nanomedicina	720233	Centro de investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO)	María Lorena Blach Rodríguez	5,5	0.2	09/10/2026
Elas contan. As voces da enxeñería	720234	Centro de investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTIC)	Ara Núñez Montenegro	12	0,5	Do 01/06/2026 ao 30/09/2026

